

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE ACORDO MARCO E POR LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) PANADERIA (LOTE 2) E PRODUCTOS DE LIMPEZA (LOTE 3) PARA O FOGAR DE TRANSEÚNTE. Exp. 47/2016. APERTURA OFERTAS ECONÓMICAS. -----

Sendo as 13:30 horas do día 24 de xaneiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don X. Manuel Cao Rei xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

Dona Elena Sánchez Picado, técnico do servizo de Servizos Sociais
Don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica
Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral.
Dona Ana Tabarés Martínez, técnico servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretaria da Mesa de Contratación

Atópase presente no acto de apertura en representación da Panadería de Baralla, don Jacobo Lozano Pernas.

Abre a sesión o presidente da Mesa e procédese por parte da secretaria a informar da documentación presentada por dona Fe Romero López (PAN ARTESAN DE BARALLA) e á mercantil ROYAL MAYLINE S.L, ás que se lle deu un prazo de 3 días para a subsanación da súa documentación administrativa.

Para o Lote 2 dita documentación foi presentada en tempo e forma por dona Fe Romero López, sendo admitida á licitación.

Para o Lote 3, a mercantil ROYAL MAYLINE S.L., requirida para presentar o compromiso de dispoñer dun establecemento permanente no termo municipal de Lugo destinado á venda de produtos obxecto de subministración conforme ao Anexo VI ; achega dentro de prazo un Anexo VI que non se corresponde co modelo e no que manifesta que se compromete A cumprir o artigo 64 do TRLCSP o cal non indica a necesidade de dispor de local no termo municipal de Lugo; polo que tendo en conta o prazo de entrega establecido no prego técnico afirma que non ven necesidade de ter no municipio de Lugo un local.

O artigo 64 do TRCLSP establece que os órganos de contratación poderán esixir aos candidatos ou licitadores que, ademais de acreditar a súa solvencia ou no seu caso clasificación, se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do cotntrato os medios persoais e materiais suficientes para elo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cml

Refª: Acta B) seleccion

Asunto:

Certamente non é a Lei a que debe concretar estas esixencias senón os pregos técnicos e de cláusulas administrativas

En base a esto, os pregos de cláusulas administrativas estableceron na cláusula quinta a esixencia de dispoñibilidade de un local ou establecemento en Lugo (non esixindo propiedade ou posesión senón mera disposición) sendo o Concello quen debe apreciar esa necesidade, quedando ésta xustificada na rápida entrega de produtos por razóns de urxencia ou conveniencia municipal que fan preciso contar cun local próximo.

En consecuencia os membros da Mesa acordan **excluir á empresa ROYAL MAYLINE S.L da licitación** por non cumprir o requisito establecido na cláusula QUINTA do prego de condicións administrativas.

A continuación procédese á apertura da oferta económica presentada para o Lote 2, co seguinte resultado:

Dona Fe Romero López, (PAN ARTESÁN DE BARALLA), propón como prezo do contrato para o lote 2 subministración de panadería a cantidade de **5.302,17 euros IVE** excluído.

Á vista do cal os membros da mesa de Contratación por unanimidade, acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por dona FE ROMERO LÓPEZ (Pan Artesán de Baralla).

Así mesmo os membros da Mesa de Contratación acordan respecto dos lotes 1) e 3) propoñer ao órgano de contratación o inicio dun procedemento negociado, invitando, alomenos a 3 empresas relacionadas co obxecto dos sinalados lotes (lote 1 subministración de produtos de alimentación en xeral e o lote 3 produtos de limpeza).

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 14:00 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O PRESIDENTE,

A SECRETARIA,

Asdo.: Xosé Manuel Cão Rei.



Asdo.: Ana Tabarés Martínez.